

PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR 2026

Axudas económicas para persoas coidadoras habituais non profesionais

Obxectivo: facilitar períodos de descanso e conciliación ás persoas que coidan de maneira continuada persoas en situación de dependencia, con discapacidade ou que precisan axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria.

QUEN PODE SOLICITALA?

Persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas e que residan, xunto coa persoa atendida, en Galicia.

PERSOA ATENDIDA

Debe atoparse nalgunha destas situacións:

- Discapacidade igual ou superior ao 75 % e necesidade de axuda de terceiras persoas.
- Dependencia recoñecida en grao II ou III.
- Ou necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

MODALIDADES E CONTÍAS

RESPIRO NO FOGAR	Atención no domicilio para necesidades puntuais: coidados persoais, hixiene, alimentación, mobilización, acompañamento, etc.	Ata 1.000 € por persoa/ano
CENTRO DE DÍA	Atención puntual nun centro de día autorizado, permitindo á persoa coidadora dispoñer dunhas horas de descanso ou conciliación.	Ata 1.000 € por persoa/ano
RESIDENCIA	Estadías temporais nun centro residencial autorizado para dar resposta á necesidade puntual de descanso da persoa coidadora.	Ata 1.500 € por persoa/ano

PRAZO DE SOLICITUDE

Do 12 de agosto ao 15 de outubro de 2026

Procedemento: BS614B · Concesión en réxime de concorrencia non competitiva

Información e apoio na tramitación: Servizos Sociais do Concello.

Consulta as condicións completas da convocatoria antes de presentar a solicitude.

Convocatoria da Consellería de Política Social e Igualdade · DOG núm. 150, do 11 de agosto de 2026.